



ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE A MEZQUITA 17 DE XUÑO DE 2023

Sendo ás doce horas do día dezasete de xuño de dous mil vinte e tres, no salón de Sesións da Casa do Concello de A Mezquita reúnese en sesión constitutiva o Pleno da Corporación Municipal convocado regulamentariamente ao efecto ao abeiro do disposto no artigo 195-1 da Lei Orgánica 5/1985 do 19 de xuño de Réxime Electoral Xeral.

Concelleiros e Concelleiras asistentes:

D .RAFAEL PÉREZ VÁZQUEZ

D^a TAMARA BALLESTEROS VIDUEIRA

D. FCO. ANTONIO GARCÍA FORNOS

D^a CRISTINA CLAVERÍA ALVES

D^a SUSANA FERNÁNDEZ TOMÁS

D. JESÚS RÍO PIORNEDO

D^a M^a ÁNGELES CRESPO GARCÍA

D. DAVID RODRÍGUEZ CASARES

D^a MARTA LORENZO DIÉGUEZ

ORDE DO DÍA

1º.- Constitución da Mesa de idade.

2º.- Comprobación de credenciais.

3º.- Xuramento ou promesa dos concelleiros e concelleiras.

4º.- Declaración de constitución da Corporación.

5º.- Elección e Proclamación do Alcalde.

6º.- Toma de posesión de Alcalde

Secretario: D. FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ

Expón o Secretario-Interventor que a Mesa de Idade está formada nesta sesión pola concelleira de maior idade D^a M^a Ángeles Crespo García e pola concelleira de menor idade Dona Cristina Clavería Alves.

Sinala, que todas as concelleiras e todos os concelleiros cumpriron co requisito de presentar as correspondentes declaracións, segundo os modelos do Rexistro de Intereses: incompatibilidades e bens patrimoniais que quedan baixo a custodia de Secretaría-Intervención.

Indica que foi realizada con esta data a correspondente Acta de Arqueo e manifesta que foron comprobadas as credenciais presentadas en base as certificacións que o Concello de A Mezquita recibiu da Xunta Electoral de Zona. Declara constituída a Corporación Municipal por contar co quorum suficiente, nesta caso coa totalidade dos seus integrantes, segundo o disposto no artigo 195.4 da referida Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral e dalle lectura á fórmula contemplada no RD 707/1979 do 5 de abril para a toma de posesión dos cargos de concelleiros e concelleiras, segundo o disposto no artigo 108.8 da LOREG. O Sr. Secretario dálle lectura ao texto “¿Xurades o prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente coas obrigas do cargo de concelleira ou concelleiro con lealdade ao Rei, como norma fundamental do Estado?”

Chamados nominalmente os concelleiros e concelleiras integrantes da Corporación deron cumprimento ao xuramento ou promesa do cargo.

Cumprindo este trámite o Sr.Secretario indicou que todos os concelleiros e concelleiras tomaron posesión do cargo con pleno dereito e declara constituída a Corporación Municipal procedendo a continuación a desenvolver o punto 5º da Orde do día correspondente á Elección de Alcalde.

Indica o Sr. Secretario que segundo o disposto no artigo 196 da LOREG son candidatos os concelleiros que encabezaron as respectivas candidaturas nas eleccións municipais: D. Rafael Pérez Vázquez polo BNG, D. Jesús Río Piornedo polo P.P. e D^a Marta Lorenzo Diéguez polo PSdeG PSOE. Realizada a correspondente votación ordinaria a proposta de D. Rafael Pérez Vázquez contou con 5 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras electos na candidatura do BNG, D. Jesús Río Piornedo con 3 votos, correspondentes cos integrantes da candidatura do PP e D^a Marta Lorenzo Diéguez co seu voto polo que ao ter acadado a maioría absoluta da Corporación Municipal é electo Alcalde-Presidente D. Rafael Pérez Vázquez.

O Sr. Secretario toma promesa ou xuramento a D. Rafael Pérez Vázquez como Alcalde, repetindo a fórmula xa sinalada do RD 707/1979 contestando éste “Sí prometo e defenderei os intereses do Concello da Mezquita e de Galiza”, tomando posesión do seu





cargo de Alcalde-Presidente entre os aplausos dos compañeiros de corporación e dos veciños e veciñas asistentes.

Neste momento pasa a ocupar D. Rafael Pérez Vázquez a presidencia do Pleno da Corporación e saúda aos asistentes intervindo:

“Bos días, e benvid@s , veciños e veciñas da Mezquita, agradecer que nos acompañeis neste pleno de constitución da corporación municipal da Mezquita.

Antes de nada, quero recordar a todos os compañeiros que estiveron connigo desde que tomei a decisión de comezar na política.

Algún deles xa non está entre nós, pero estou seguro que tanto él como os outros todos estarán orgullosos de ata donde fumos capaces de chegar, gracias, Jesús Pereira, Avelino, Toñin, Castaño, Toño, Xico, gracias a todos, gracias.

Agradecer tamén os meus compañeir@s a confianza que me destes para encabezar este goberno, a vós e ós votantes, e o máximo respecto para os que non o fixeron.

Para que A Mezquita avance son necesarias as opinións e aportacións de todos e todas vós, estou seguro que é mais importante o que nos une que o que nos separa, todos queremos o mellor para A Mezquita...., como dixo alguén aquí presente, desexo que sexa quen sexa o elixido o día 28, que lle vaia ben ó Concello, que sexa legal, xusto e o dirixa ben.

Pois ben, o 28 o pobo falou, e o pobo é quen mais ordena e desta ordenou que fora eu con esta equipa do que estou moi orgulloso quen dirixa o Concello os seguintes catro anos, esperamos estar á altura para entre todos facer unha Mezquita mellor.

Como xa dixen antes contamos con tod@s vós, precisamos ideas e proxectos que nos fagan referente, que xa o somos, non solo farolas e formigón, calquera que me coñeza ben sabe ata donde son capaz de implicarme, co meu esforzo persoal e aportando todo o que podo e teño, por eso sempre estarei aberto a calquera idea, aportación ou cousa que sexa polo ben do noso concello.

Aquí hai xente de distintos cores políticos que sabe que o que estou a dicir é certo.

Non me enrollo mais, solo outra vez dar as gracias a todo o mundo, moita sorte a tod@s, e Viva A Mezquita”.

Co aplauso dos asistentes ao remate das palabras do Alcalde e cos saúdos e parabéns finaliza a intervención.

E non habendo mais asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión, sendo as doce horas e dez minutos, da que se levanta a presente acta, que como Secretario dou fé e Certifico

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

